



## I CONCURSO DE LEMAS PARA A IGUALDADE E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

### I CONCURSO DE LEMAS PARA A IGUALDADE E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO - VAL DO ASMA 2023

Con motivo da celebración do 25 de novembro 2023, o IES Val do Asma –a través do Departamento de Orientación e da Biblioteca do centro–, pon en marcha o *I CONCURSO DE LEMAS PARA A IGUALDADE E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO*, que ten como principal obxectivo sensibilizar na prevención contra a violencia de xénero e fomentar o uso da lingua galega entre a mocidade.

O concurso de lemas está dirixido a todo o alumnado do instituto e consiste na elaboración dunha mensaxe en prol da igualdade.

#### BASES DO CERTAME:

- Poderá participar no concurso calquera alumna ou alumno matriculado no IES Val do Asma, cun máximo dun lema por persoa.
- Os lemas deberán ser orixinais e inéditos, en lingua galega, segundo a normativa ortográfica vixente.
- Os traballos deberán ter un só autor/a e deberán levar pola parte de atrás o nome completo e a categoría á que se presenta.
- Os lemas serán entregados aos titores/as para os grupos de ensino obrigatorio e no despacho de orientación para o ensino non obrigatorio.
- As cartolinas onde se plasmarán os lemas serán entregadas nas horas de titoría para os grupos de ensino obrigatorio e no despacho de orientación para os de non obrigatorio.
- O xurado, que estará conformado por persoas de distintos ámbitos da comunidade educativa do centro.
- Pódense entregar os lemas ata o día 25 de novembro de 2023 ás 11:45 horas.
- **Premios:**

**Haberá dúas categorías: Categoría A: ESO e FPBásica**

**Categoría B: Bacharelato, Ciclo Medio e Ciclos Superiores**

- Concederanse 3 vales por categoría: **1º Premio: 50€ , 2º Premio: 30€, 3º Premio : 20€** para trocar no comercio local .
- Ademais, os lemas presentados ( tanto galardoados coma non )difundiranse a través das distintas canles do instituto. En todo caso, se o xurado o considera oportuno, poderá declarar deserto algún dos premios.
- **Condicións.**
  - As persoas participantes dan a súa autorización para a difusión da obra presentada por parte do instituto, sempre que o seu uso non sexa comercial.
  - O IES Val do Asma queda eximido de calquera responsabilidade de plaxio nas obras ou transgresión da lexislación vixente, polo que será o autor ou autora do texto a única responsable.
  - Calquera caso non contemplado nas bases do certame será resolto pola entidade organizadora.
  - A participación neste concurso implica a íntegra aceptación das bases por parte das persoas participantes, así como das decisións do xurado e da entidade promotora.

Chantada ,31 de outubro de 2023

Orientación e Equipo da BiblioAsma